



«El canal»

Begoña Pastoriza. A Coruña, 1978. Técnica superior en Deseño Gráfico e Artes Plásticas e Técnica Superior en Delineación Industrial. Socia Fundadora da asociación Fotográfica Posición B da Coruña. Tamén forma parte do binomio BGR (Bisións gráficas). Curso o primeiro máster no CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea). Ten experiencia profesional como delineante, deseñadora gráfica e web, técnica de taller en serigrafía textil, así como organizadora de eventos e fotógrafa *freelance*.

FIESTRA A TÚNEZ. Sala permanente da Agrupación Fotográfica O Potiños, O Carballiño, do 2 ao 30 de novembro. Outro lugar, outra cultura, outros aromas, outras cores... Sínteses de civilizacións diversas, desde sempre, Túnez distinguiuse pola intensidade da súa actividade cultural. Unha cidade, onde

se conxuga pasado e presente, o moderno co antigo. Unha serie de fotografías analóxicas, con tratamento dixital. Coñecer outras culturas, achegarache un pouquiño máis á túa. Un pouquiño máis ao mundo. Abro esta pequena fiestra para vós.

fotos da xente

A Asociación Fotográfica Posición B da Coruña presenta a exposición Fotos da Xente. A xente pódese retratar na rúa, no estudo de fotografía ou de moitos xeitos. Cada un dos fotógrafos que aquí mostran as súas fotos ten unha visión particular da xente diante da cámara. Polo noso plató pasan continuamente persoas dispostas a ser «inmortalizadas» baixo os nosos flashes, pero non todos resultan «flasheados».

Fotografías de: *Ramón J. Iribarnegaray, Begoña Pastoriza, Eduardo Castro Bal e Luís Ramírez*

Asociación Fotográfica Posición B, A Coruña, do 11 ao 25 de novembro



Begoña Pastoriza. A coruña, 1978

Técnica superior en Deseño Gráfico e Artes Plásticas, técnica superior en Delineación Industrial. Socia fundadora de Posición B da Coruña. Tamén forma parte do binomio BGR (Bisóns Gráficas). Curso o primeiro máster no CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea). Ten experiencia profesional como delineante, deseñadora gráfica e web, técnica en serigrafía téxtil, así como organizadora de eventos. É fotógrafa *freelance*.

A vista de pixel

Luis Ramírez

Ten 36 anos e reside en A Coruña. É fotógrafo e escultor. Membro de Posición B, A Coruña. Gañador do Concurso Nacional de Fotografía Calzarte 3 «Premio Modacalzado-Iberpiel 2008». Finalista do Concurso de RTVE Ráfagas 2009. «Non te conformes con velo, sínteo...»
www.luis-ramirez.es

El duende del agua

